

RECOMENDACIÓN RELATIVA AOS PROCEDEMENTOS XA INICIADOS DE SELECCIÓN DE PDI

En atención ás numerosas consultas realizadas nos últimos días e co fin de facilitar o funcionamento regular do servizo público universitario, fórmulanse as seguintes recomendacións en relación cos procedementos de selección de PDI iniciados e co prazo de presentación de solicitudes e de reclamación/rectificación ás relacións provisionais de admitidos/as concluído antes da suspensión da actividade presencial na universidade:

1. Posibilidade de non suspender a tramitación

De conformidade co disposto na alínea 3ª da Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, poderá non suspenderse a tramitación daqueles procedementos nos que as persoas interesadas manifesten, de forma expresa, a súa conformidade ao órgano competente.

A tal fin, as comisións de selección recadarán das persoas interesadas unha declaración expresa da súa conformidade coa non suspensión do procedemento correspondente, incorporándoa ao expediente, a fin de poder continuar coa súa tramitación durante a vixencia do actual estado de alarma.

2. Celebración a distancia

As sesións das comisións de selección e os demais trámites procedimentais que requiran da interacción entre as persoas interesadas e as comisións de selección deberán celebrarse a distancia, de acordo co disposto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O acto de presentación e as probas dos procesos selectivos de prazas de Profesor/a Contratado/a Doutor/a (dos corpos docentes universitarios, de selo caso) deberán ser gravadas para garantir o acceso e verificación do desenvolvemento do proceso selectivo. A copia desta gravación será posta a disposición da vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente co fin de incorporala como parte do expediente administrativa.

As comisións de selección deberán empregar o resto de documentos oficiais destinados á avaliación dos/as candidatos/as (actas, proposta de contratación, etc) que estarán asinadas electronicamente.

Substitúese a publicación da proposta de contratación no centro, pola publicación na Web da Universidade da Coruña. A data de publicación na Web terase en conta para establecer os prazos de reclamacións establecidos na Normativa de selección de PDI aplicable.

Lémbrese, a estes efectos, que a UDC pon a disposición do conxunto da comunidade universitaria ferramentas informáticas que, como o programa "Teams", compren coas prescricións legais e permiten a celebración a distancia destes trámites. Máis información en <https://www.udc.es/es/cufie/> e <https://axudatic.udc.gal/>.

A Coruña
Alberto Valderruten Vidal
Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Código Seguro De Verificación	58TKj0PWInD6CGVAPePkbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	26/03/2020 09:15:11
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/58TKj0PWInD6CGVAPePkbA==		

